

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL
TRECE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez

D. Salvador Durán Bermúdez

D^a M^a Isabel González Domínguez

D. Marcos Guisasola Padín

D^a María Deza Martínez

D. Constantino Sanmartín Quiñones

D^a Almudena Aguíñ Fernández

D. Gonzalo Gonzalo Pita

D^a M^a Victoria González Serén

D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo

D. José Buezas Méndez

D. David Otero Domínguez

D^a Sandra Fernández Agraso

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro

D^a Vanesa Rodríguez Maneiro

D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil trece, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A Sra. **Presidenta** disculpou a ausencia da concelleira **D^a Vanesa Rodríguez Maneiro**.

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE NOVEMBRO E 21 DE DECEMBRO DE 2012. Pola **Sra. Presidenta** preguntáselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade dos/as corporativos/as presentes as referenciadas actas.**-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. EMILIANO MARTÍNEZ AGUÍN CONTRA O ACORDO DA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2012 POLO QUE SE DENEGOU A SOLICITUDE DE CESIÓN DE TITULARIDADE DA CONCESIÓN DEMANIAL DO POSTO FIXO Nº 10 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE PORTONOVO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais de 24 de xaneiro de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu a benvida ás persoas presentes no Salón de Sesiós, dándolles o parabén pola forma cívica de mostrar as súas reivindicacións, destacando que botaba de menos que a xente se involucrase, posto que era necesario oír a voz dos cidadáns, esperando que entre eles e nós se puidese facer un labor democrático. Tamén lamentou que a unha sesión que lles custa diñeiro aos veciños, tan só veña un punto e, por último e respecto do fondo do asunto, dixo que tiña dúbidas e que ía absterse.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que lle gustaba que os veciños formasen parte da vida municipal, aínda que estaban presentes por temas moi duros e finalizou dicindo que votarían abstención, ao igual que en comisión.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, se ben considerou unha boa noticia a asistencia dos veciños, lamentou os motivos desta presenza, solidarizándose coa problemática que estaban a sufrir. Polo que fai referencia ao escaso orde do día da sesión o reproche era inevitable, sendo unha consecuencia da mínima bagaxe da xestión do goberno municipal.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que na actualidade os plenos non teñen as competencias que probablemente debían ter, pero para iso había que cambiar a lexislación, estándose a resolver os asuntos no concello por quen lle corresponde. Precisou que por lei había que facer unha sesión plenaria obrigatoriamente cada dous meses, aínda que non houbera asuntos e que este que se trae era de competencia deste órgano. Finalmente dixo que se sentía excluído por un concelleiro que interveu anteriormente, cando este se referiu ao labor democrático das persoas asistentes, xunto con determinados concelleiros e que entendía como antidemocrática a ausencia ás sesións plenarias, durante varios meses, dunha concelleira do mesmo grupo político, privando aos veciños dun representante que eleixiron.

O Sr. **Gonzalo Pita**, manifestou que non excluíu ningún concelleiro e que non dicía que este asunto non viñese, senón que debían tratarse máis puntos.

A Sra. **Aguín Pombo**, dixo que podían recuperar actas da anterior Corporación, nas que polo representante do Grupo Mixto se criticaba a falta de traballo do goberno municipal e agora, ao formar parte del e percibir unha nómina, cambiábase de criterio.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo**, en primeiro lugar, explicou que tiña que sentirse excluído, cando se falou de facer un labor democrática entre vós e nós. Neste momento interveu a Sra. **Alcaldesa** para indicar que, probablemente, o concelleiro, cando dixo nós, se referiu á Corporación enteira. O interviniente continuou explicando que este grupo de goberno e o seu traballo non era o dos anteriores catro anos e indicoulle a voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** que tamén lles faltaba unha concelleira a sesión, que el non traballa por enchufe dun partido político e que non viu ao concello a ganarse un soldo, xa que ten un traballo cando saía de aquí.

A Sra. **Alcaldesa**, precisou que por lei era necesario facer un pleno cada dous meses e que se este

tiña tan pouco contido, era porque o 21 de decembro se fixo un pleno extraordinario con asuntos que non podían esperar, engadindo que se algún concelleiro estivese tan molesto, podía renunciar ao cobramento da indemnización por asistencia. Por último aludiu a que agora o **Sr. Rodríguez Lorenzo**, o que ten, é un coñecemento do que se fai no goberno municipal.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“ **Desestimar o recurso de reposición** interposto por D. Emiliano Martínez Aguín contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2012 polo que se denegou a solicitude de cesión de titularidade da concesión demanial do posto fixo nº 10 do Mercado Municipal de Abastos de Portonovo, que figura a nome de D. Ricardo Muñiz Agís para cedelo a D. Emiliano Martínez Aguín en base ao informe de secretaría de data 16/01/13 que a continuación se transcribe:

1.- OBXECTO DO INFORME:

O recurso de reposición interposto por D. Emiliano Martínez Aguín fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 30 de novembro de 2012 polo que se denegou a solicitude de cesión da titularidade do Posto Fixo Número 10 do Mercado Municipal de Abastos de Portonovo a nome de D. Ricardo Martínez Agís, en favor de D. Emiliano Martínez Aguín.

2.- NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases da Réxime Local (LBRL).
- Lei 30/92, do 26 de novembro, da Réxime Xurídica das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP).
- Real Decreto 1.372/1.986, do 13 de xuño, polo que aprobábase o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Regulamento dos Mercados de Abastos do Concello de Sanxenxo (RMAX).

3.- ANTECEDENTES:

Os documentos incluídos no expediente de solicitude de cesión da titularidade do Posto Fixo Número 10 do Mercado Municipal de Abastos de Portonovo a nome de D. Ricardo Martínez Agís, en favor de D. Emiliano Martínez Aguín, especialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, celebrada o 30 de novembro de 2012, polo que se denegou a solicitude e o recurso de reposición interposto por D. Emiliano Martínez Aguín fronte a este acordo, no que pide acordar a nulidade do referido acordo e ditar outra resolución por medio da que se acorde autorizar a transmisión interesada.

4.- ANÁLISE DO RECURSO:

Cabe lembrar que no acordo impugnado se motivaba a denegación polo incumprimento pola parte do cedente do requisito esixido no art. 9, parágrafo segundo do RMAX, concretamente que “o cedente acredite ter explotado o posto fixo, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión.”

O recurso fundaméntase en dúas cuestións. A primeira porque considera cuestionable a aplicación do RMAX a unha concesión administrativa amparada no RBEL, en relación coa Lei Patrimonial 33/2003, cando

o título habilitante do cedente foi outorgado en base á normativa anterior e non mediante a constitución dun título ex novo, polo que considera que as condicións esixibles ao seu actual titular non poden ser outras que as contidas na resolución de 10 de agosto de 2010, por medio da que se autorizou o traspaso deste posto fixo ao cedente actual.

En segundo lugar o recurso sinala que, no caso de considerar de aplicación o actual Regulamento, en canto as condicións esixibles para a transmisión da concesión, á hora de computar o período que o cedente ten explotada a concesión, haberá de contabilizarse o tempo de explotación efectuado polos anteriores titulares da concesión outorgada en 1975, das que trae causa o dereito do actual solicitante.

Polo que respecta a primeira causa de impugnación é incuestionable a capacidade do Concello para regular mediante regulamento os seus mercados, posto que o servizo de Mercado é un dos mínimos que o Concello de Sanxenxo ten que prestar en aplicación do sinalado no art. 26.1 b) da LBRL, encontrándose habilitado para exercer, respecto do mesmo, a potestade regulamentaria e de autoorganización que lle corresponde pola aplicación do art. 4.1 a) da norma citada, mediante a aprobación dun regulamento, que será de obrigado cumprimento para os concesionarios dos postos do mercado, non só neste asunto, senon tamén nos demais contemplados no texto do RMAX, como os referentes a dereitos e deberes dos titulares, limpeza ou réxime sancionador. A aprobación dun Regulamento Municipal, dende a súa entrada en vigor, introduce unha nova esfera de obrigas ao conxunto de persoas afectadas por elas, neste caso os titulares dos postos mercado. En canto á argumentación de que o título habilitante do actual cedente, a autorización do cambio de titularidade 10 de agosto de 2010, está amparada no RBEL, cabe sinalar que non se sinala no recurso a disposición concreta deste texto normativo que permita, sen restrición algunha, o cambio de titularidade das concesións demaniais e que implicaría que a regulación contida no RMAX fora en contra dunha disposición de maior rango, o que non sucede, considerando de aplicación aos titulares dos postos de mercado as disposicións contidas no regulamento municipal.

No referente á segunda causa de impugnación o texto do art. 9 do RMAX esixe que o cedente acredite ter explotado o posto fixo, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión, sen que se poida computar dentro do período de explotación do cedente, o dos anteriores titulares, porque a literalidade do artigo examinado non da outra opción, non é o mesmo “período de explotación do cedente” que “período de explotación do cedente e dos titulares anteriores”. Polo tanto aplicando este artigo e considerando o período transcurrido entre a resolución que autorizou o anterior cambio de titularidade que permitiu acceder a concesión ao actual cedente, 10 de agosto de 2010 e a data de solicitude de D. Ricardo Martínez Agís, rexistrada de entrada no Concello o 26 de setembro de 2012, dous anos, un mes e dezaseis días, nos encontramos ante un período de tempo inferior a quinta parte de duración da concesión, aínda que se utilice o propio criterio esgrimido polo recurrente de que a concesión foi outorgada en 1975, ao igual que tampouco cumpre co criterio de duración da concesión expresado no acordo denegatorio da solicitude de cambio de titularidade, motivo que xustifica a denegación do cambio de titularidade e a desestimación deste recurso de reposición

5.- CONCLUSIÓN:

Informe desfavorable a estimación do recurso de reposición polos motivos transcritos no punto 4 deste informe.

6.- ÓRGANO A QUEN LLE CORESPONDE A APROBACIÓN E MAIORIA REQUERIDA:

De conformidade co sinalado no art. 9, parágrafo derradeiro, do RMAX, o órgano competente para autorizar o cambio de titularidade será o mesmo ao que lle correspondería outorgar a concesión para a que se pretende o cambio de titular, neste caso, dado que se trata dunha concesión por un período non inferior a 4 anos, a competencia é do Pleno (art. 8, parágrafo derradeiro, do RMAX). Aínda que, por acordo plenario de data 29 de xuño de 2012, se delegou na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización de cambios de titularidade dos Postos Fixos do Mercado Municipal de Abastos e no exercicio desa delegación se adoptou o acordo agora impugnado, o certo é que no ámbito desa delegación non entra a resolución de recursos administrativos, pola aplicación do disposto no art. 13.2. c. da LRXAP, polo que a competencia para a resolución deste recurso de reposición é do Pleno, necesitando o acordo para a súa adopción a maioría simple dos membros da Corporación asistentes á sesión”.....

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

3º) DACIÓN CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL RELATIVA AOS INTEGRANTES DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO. Polo Sr. Secretario dáse conta do escrito que a continuación se transcribe:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz del Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.), a través del presente escrito SOLICITA QUE:

A efectos de comunicaciones para la asistencia a las comisiones especiales de cuentas, asuntos económicos y patrimonio a D. Gonzalo Gonzalo Pita, y como suplente a Dña. Mª Victoria González Serén.”

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 19 DE NOVEMBRO AO 31 DE DECEMBRO DE 2012 (DE RES. Nº 1278/12 Á Nº 1402/12). A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 19 de novembro ao 31 de decembro de 2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ARBITRAXE DE CONSUMO E CANXE DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS (R. DE ENTRADA NÚM. 406, DO 25 DE XANEIRO DE 2013): A Sra. Deza Martínez , voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN URXENTE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular quere amosar a súa comprensión e solidariedade coas persoas afectadas e o desexo de que recuperen canto antes os seus aforros, dos que son lexítimos propietarios.

Desde o momento no que xurde en Galicia o problema da comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas polas caixas de aforro integradas en NCG Banco, desde a Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, tratouse de buscar unha solución para os adquirentes destas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

Hai que lembrar que o problema non é novo e que tampouco é exclusivo de Galicia. De feito, das nove emisións viventes de participacións preferentes, cinco tiveron lugar entre os anos 2005 e 2008. Pero,

ademais, esta é unha práctica que se estendeu por toda España entre todas as entidades bancarias sen que ninguén (nin o Banco de España nin a CNMV) advertira claramente do seu perigo para os pequenos investidores ou aforradores. Tamén emitiron participacións preferentes bancos e caixas como Bankia, Bankinter, Banesto, Banco Sabadell, Banco Pastor, Santander, BBVA, CAM, Catalunya Caixa, Caja España, Ibercaja, Caixabank ou Kutxa Bank.

A Xunta de Galicia non ten competencias no eido do Sistema financeiro, as cales lle corresponden ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV). Sen embargo, é público e notorio o esforzo feito desde a Xunta de Galicia para que a Arbitrase de Consumo fose unha realidade e permitise dar unha solución rápida, áxil e gratuíta a aqueles clientes que foron vítimas dunha comercialización inadecuada dos diferentes produtos híbridos, participacións preferentes e obrigas subordinadas. Desta forma, Galicia converteuse na primeira Comunidade Autónoma que promoveu esta vía, a pesares de que dende determinados sectores da política unicamente atopamos oposición a esta fórmula.

No momento actual, esa aposta da Xunta de Galicia pola Arbitrase de Consumo é unha realidade que está permitindo dar unha solución aos aforradores que foron enganados, vítimas dunha comercialización indebida.

É tan evidente esa realidade que a día de hoxe mais de 11.000 expedientes de familias galegas xa se resolveron e recuperaron os aforros que tiñan en Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas, demostrándose a eficacia da Arbitrase de Consumo para resolver o problema social existente.

Téndose percorrido tanto camiño para a solución do problema, este grupo municipal entende que debe seguirse ese camiño da Arbitrase de Consumo ata o final, de xeito que todos os supostos de comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas nos que a comercialización por parte de NCG Banco fora con persoas cun perfil inversor inaxeitado se resolvan a través desta vía.

A pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos. Neste sentido, sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade intercedese ante las autoridades comunitarias para que non se producisen tales quitas. E en todo caso, de ter que producirse, debe instarse ás autoridades competentes a que sexan na menor contía posible e que os posibles canxes por outro tipo de instrumentos financeiros se convertan en liquidez inmediata.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular de Galicia presentan as seguintes **MOCIÓNS** para o seu debate no Pleno:

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares ós xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfíles foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas.

3º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e do Estado de España a que realicen as pesquisas oportunas de cara a averiguar porqué estes produtos chegaron a mans dos aforradores, que tomen as medidas precisas para que isto non volva a acontecer e que as persoas que promoveron esta situación asuman a súa responsabilidade a todos os niveis.”

A **Sra. Deza Martínez**, xustificou a urxencia indicando que, aínda que o concello non ten competencias nesta materia, se poñían a disposición dos veciños para tratar de colaborar na solución desta situación.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Deza Martínez**, reiterouse no exposto na moción.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que non cría que ninguén fose a votar en contra desta moción, dado o problema social de que se trata, recordando que recentemente o **BNG** truxo unha moción ao respecto que o **PP** e o **Grupo Mixto** votaron en contra, mentres que o resto o fixeron a favor, preguntándose a que vén agora a urxencia, tal vez é consecuencia do encierro no concello e das manifestacións dos afectados, engadindo que a situación non está en mans do **PP**, senón da sociedade dende hai tempo.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, con carácter previo, aludiu a data de ocupación do seu traballo actual, que é froito da súa titulación. Polo que respecta ao fondo do asunto dixo que a **Alcaldesa** o primeiro que debeu facer foi convocar os grupos políticos municipais para buscar unha moción consensuada, coa finalidade de que todos os afectados recuperen o seu capital integramente e non traer esta moción do **PP**, en solitario, que non obstante votaran a favor, a pesar de non estar de acordo con algúns dos seus termos.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que esta moción xa vén rectificada e que a apoiaran, a pesar de que o **PP** non o fixo así respecto da que presentaron sobre o mesmo tema en setembro pasado. A continuación deu lectura a unhas palabras de apoio da Alcaldesa a moción presentada polo **BNG** e aprobada por unanimidade na sesión de 26 de marzo de 2012, sobre as participacións preferentes, engadindo que competencias se existen, tendo en conta ademais que, probablemente, a arbitrase non vai garantir o cobramento de todos os afectados, polo que haberá que ir pola vía xudicial e pola política, indicando que se os 315 concellos de Galicia trasladan a mesma proposta ao **Presidente da Xunta**, a este non lle quedará mais remedio que actuar, non como agora que existe inoperancia política dos gobernos autonómico e estatal.

A **Sra. Deza Martínez**, quixo deixar claro que a vontade de buscar solucións existe dende que apareceu o problema, non dende que se produxo o encierro no concello, sinalando que era de xustiza social que se resolvan todas as peticións de arbitrase, que os afectados non sufran quitas e que asuman as súas responsabilidades os que tomaron a decisión de comercializar estes produtos.

O **Sr. Gonzalo Pita**, dixo que a urxencia existía dende había moito tempo e só actuaron cando os afectados se manifestaron e se encerraron no concello, razón pola que anima aos colectivos a pronunciarse, finalizando a súa intervención para dicir ao goberno municipal que non alardeen de facer todo o posible, porque xa se puideron tomar medidas anteriormente.

O **Sr. Otero Domínguez**, explicou que dende o concello se podían facer moitas cousas, como conseguir un listado dos veciños afectados, convocalos e darlles o maior apoio posible político e xurídico.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, voceiro do Grupo Municipal Mixto, matizou que volvería votar en contra da moción presentada no seu día sobre este tema polo **BNG** pola falta de vontade negociadora dos proponentes, engadindo que, de ter negociado, a tivese votado a favor. En canto a esta moción, tampouco está de acordo totalmente coa mesma, por considerala demasiado suave

ante a estafa producida, tal e como sinala o propio **Fiscal Xeral de Galicia**, pero vaina apoiar porque todos os grupos políticos a votaran a favor.

A **Sra. Alcaldesa**, indicou que se en marzo apoiaron a moción do **BNG** e en setembro a rexeitaron foi debido a que nesta última se facía referencia a impugnación dun Decreto que, se non existía, non permitiría a chegada da necesaria axuda europea. A interveniente dixo que presentaban esta moción porque era vergonzoso que, co tempo que levan os afectados na súa protesta, aínda non houbera un texto de acordo que recollese o que os propios interesados plantexan, tal e como se fai nesta moción. Por último aludiu a que o que está a facer dende a Alcaldía o saben perfectamente todos, incluídos os afectados, pasando a describir as xestións realizadas, que continuaban cunha entrevista ao día seguinte cos mandatarios do actual banco.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares ós xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfiles foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas.

3º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e do Estado de España a que realicen as pesquisas oportunas de cara a averiguar porqué estes produtos chegaron a mans dos aforradores, que tomen as medidas precisas para que isto non volva a acontecer e que as persoas que promoveron esta situación asuman a súa responsabilidade a todos os niveis.”-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE A SUBESTACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE NANTES (R. DE ENTRADA NÚM. 419, DO 28 DE XANEIRO DE 2013): A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

O pasado mes de Agosto, o Concello de Sanxenxo firmou un convenio con Unión Fenosa Distribución para execución da subestación do Polígono Industrial de Nantes, que entre outras encomendas ten que abastecer os suministros eléctricos que se demanden polos futuros usuarios do mencionado polígono industrial.

En dito convenio o Concello de Sanxenxo comprometeuse a cofinanciar dita subestación co importe incautado do aval aos promotores do mencionado polígono.

Dende a Lei 54/1997 do Sector Eléctrico, vense legislando pola Administración do Estado para adaptar as

actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica a un mercado liberalizado segundo as pautas fixadas polas distintas Directivas Europeas.

No ano 2008, máis concretamente o 15 de Febreiro de ese ano, apróbase polo Goberno un Real Decreto (RD 222/2008) sobre o réximen retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica. No seu preámbulo dice:

“El RD 2819/1988 de 23 de Diciembre por el que se regulan las actividades de transporte y distribución, estableció el régimen económico de la actividad de distribución de energía eléctrica que se ha venido publicando hasta la fecha.

Dicho régimen adolece de importantes deficiencias derivadas, en primer lugar, del hecho de que los incrementos anuales de la retribución de la actividad de distribución eléctrica se establecen a nivel global para todo el conjunto de empresas, sin considerar las especificidades propias de cada zona geográfica (en especial las variaciones zonales de la demanda), lo que no retribuye adecuadamente la inversión en aquellas zonas en las que la demanda crece por encima de la media.”

Parece claro pois cal é a intención do RD 222/2008, que a retribución da distribución fixada como percepción anual polas compañías distribuidoras, ó é tamén para compensar a inversión necesaria derivada do crecemento da demanda en cada zona. No articulado do propio RD menciónase a obrigatoriedade de elaborar anualmente as previsións da demanda (Art. 4), presentación de plans de inversións plurianuais etc.

Neste tempo produciuse xa algunha sentenza xudicial que interpretando esta norma condena a compañía suministradora a financiación do 100% das obras de infraestrutura eléctrica para atender demandas programadas nos distintos documentos de ordenación municipal. Esta situación entendemos dase no Polígono de Nantes, planificado na normativa municipal dende o ano 2003 e que a compañía distribuidora ten a obriga de coñecer e polo tanto prever as súas inversións nesa futura demanda.

Tal como publicou estes días o Concello de Sanxenxo, o custe estimado de esta actuación é de 3,2 millóns de euros, dos que 2,9 corresponden a subestación eléctrica e 362.536,80 euros a línea de alta tensión. De esta cantidade, o Concello de Sanxenxo aportará 1,4 millóns de euros que se sufragarán a través do aval incautado a urbanización do SU 15.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Que por parte da Alcaldía se solicite asesoramento legal, por organo ou persoa cualificada na materia, sobre a obriga da compañía distribuidora de enerxía eléctrica para financiar as obras da subestación ao 100%, proxectadas, entre outras, para atender os suministros futuros do polígono industrial de Nantes.

2º.- Pídase amparo en vía administrativa, e a través da Consellería de Industria, a Comisión Nacional de la Enerxía.

3º.- Revocar o convenio suscrito con Unión Fenosa Distribución ao supor para o Concello un esforzo financeiro que dita compañía xa ten retribuído a través das tarifas eléctricas que pagamos todos los cidadáns.”

A **Sra. Agúin Pombo**, xustificou a urxencia porque todos son coñecedores dos traballos que se están a facer para a instalación dunha subestación por **Fenosa** no Parque Empresarial e especificou que estas empresas actúan como oligopolios a costa dos investimentos dos promotores e dos cidadáns, que xa pagan os seus recibos e que os tribunais xa estimaron recursos das administracións para que as empresas eléctricas se custeasen as súas infraestruturas, razóns polas que se intenta obter un importante aforro para o concello, que se podería dedicar a outras cousas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Aguín Pombo**, reiterouse no exposto na moción e na súa anterior intervención.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, recordou que o Parque Empresarial é de iniciativa privada e que, como en todos os solos urbanizables, lle corresponde ao promotor asumir os custos de urbanización, que o concello está a actuar unha vez incautado o aval e, con cargo a este, financia o custo da subestación para dar servizo ao Parque Empresarial, achegando **Unión Fenosa** a cantidade restante para a súa construción. Finalizou dicindo que, en calquera caso, o diñeiro do aval non queda no concello, porque hai que destinalo á urbanización do Parque Empresarial.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que, por un lado, o aval non pode reverter ás arcas municipais, pero, por outro, comparte o texto da moción no referente a evitar, se existe esa posibilidade, o pagamento da subestación.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que o aval non vai dar para toda a urbanización e non lle parece bo momento para que a **Xunta de Compensación** achegue diñeiro. O interveniente considera a subestación como de interés supramunicipal para mellorar un servizo que permitiría eliminar a a instalación de **Vilalonga**, polo que debería negociarse dende a Alcaldía coa consellería correspondente.

A **Sra. Aguín Pombo**, dixo que se Fenosa pode pagar a subestación, porque ten que facelo o concello, razón que xustifica que se faga a consulta legal correspondente.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que non podía apoiar esta moción porque estaba equivocada ao confundir solo urbano con solo urbanizable, como era neste caso, onde corresponde ao solicitante aboar o custo da infraestrutura eléctrica, tal e como dispón a normativa de aplicación, ademais de non aportar as sentenzas que na moción se di que existen. Por último precisou que os avais responden tan só daquilo para o que foron achegados, polo que o concello, en ningún caso, podería dispoñer deles para outro fin distinto e tería que devolvelos.

A **Sra. Deza Martínez**, reiterou que na moción se confundiu o solo urbano co solo urbanizable e, neste último, o solicitante tiña que correr co gasto da urbanización, engadindo que a poñente da moción non estaba tan preocupada cando unha conselleira do seu mesmo partido político obrigou ao concello a pagar os enlaces do Parque Empresarial. Tamén manifestou que dende a Xerencia se está a informar aos veciños da posibilidade de non aboar gastos a **Fenosa** por actuacións en solo urbano.

A **Sra. Aguín Pombo**, sinalou que a finalidade da moción é evitar pagar a **Fenosa** por algo que non é obrigatorio, en cambio para o representante do **Grupo Municipal Mixto** parece que lle preocupa mais que o aval teña que devolverse por non ser necesario realizar ese gasto.

A **Sra. Alcaldesa**, precisou que o concello está a gastar o importe do aval incautado na execución das obras de urbanización que lle corresponden ao promotor no solo urbanizable, entre as que se encontran as relativas ao subministro de enerxía eléctrica, tendo que construír **Fenosa** unha subestación de enerxía eléctrica, para a que xa ten licenza e que mellorara este servizo nun ámbito superior ao do polígono, pero que non permitirá eliminar a instalación de **Vilalonga** pola necesidade de dar servizo ao **Concello de O Grove**. Pola súa parte o concello pagará 1.400.000

euros pola parte que lle corresponde do servizo ao Parque Empresarial. Finalizou dicindo que distinto era o caso dos cascos urbanos nos que, coa nova lexislación, os veciños podían conseguir mellores condicións de **Fenosa**.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción**.-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E AS OBRIGAS SUBORDINADAS: A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“ O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Tanto as participacións preferentes como as obrigas subordinadas emitidas polas entidades bancarias están supoñendo un grave problema para milleiros de familias, ó non estar acubertas polo Fondo de Garantía de Depósitos.

Está meridianamente claro que para acceder a este tipo de produtos financeiros requírense grandes coñecementos, sendo incluso obrigatorio a realización de cuestionario MIFID, de obrigado cumprimento.

Na maioría dos casos sen embargo, estes produtos están suscritos por xente aforradora con poucos ou ningún coñecementos financeiros. Foron polo tanto enganados. Si ben algúns dos afectados conseguiu por vía xudicial ou por vía de arbitraje que se lle devolvan os seus aforros, a realidade é que son pouco máis de 14.000 expedientes resoltos fronte a máis de 40.000 PREFERENTES E MAIS 34000 SUBORDINADAS jafectados.

Estos afectados siguen na rúa e PRESIONANDO NOS CONCELLOS A TRAVÉS DE PECHES E REIVINDICACIÓNS, como é o caso de Sanxenxo, ESIXEN os alcaldes/as do Partido Popular que POÑAN O seu cargo Á DISPOR para INSTAR á Xunta de Galicia a tomar medidas, e A que se SITUEN DO LADO DOS afectados, POIS LEVAN UN ANO NA RÚA A ESPERA DUNHA SOLUCIÓN POLÍTICA QUE NON É OUTRA CA DEVOLUCIÓN DOS AFORROS AO 100%, E A NULIDADE DO CONTRATO.

Aa realidade é que o Presidente da Xunta mantén unha postura pasiva ante un dos grandes problemas deste país, donde él persoalmente ten unha grande implicación i responsabilidade.

Non fai falla recordar aquela “funesta” fotografía onde posaba moi sonreinte o lado das persoas que hoxe a Xustiza persigue como responsables da desfeita das preferentes e dunha fusión das caixas que finalmente só logrou destruír o sistema bancario galego. Ademáis nestos intres o resto daquelas dúas caixas de aforro, non é mais cun banco nacionalizado. É dicir, o Estado é o seu propietario. Polo que o goberno de Mariano Rajoy é realmente o seu dono, e ten nas súas mans a solución aos problemas dos aforradores desta

provincia.

Por todo elo solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo pola súa responsabilidade política sobre a situación das caixas galegas, para que faga todas as xestións PERTINENTES ANTE O GOBERNO CENTRAL, E, INSTAR A QUE SE PERSONE ANTE A FISCALÍA PERSONÁNDOSE DO LADO DOS AFECTADOS.

2º.- Instar a Alcaldesa de Sanxenxo a COMPROMETERSE PUBLICAMENTE COS AFECTADOS PONDO O SEU CARGO Á DISPOSICIÓN DE A ÉSTES NON SE LLE DEVOLVEN OS SEUS AFORROS. E, tamén, presionar para acelerar a vía do arbitraje e así acadar a devolución do cen por cen dos cartos investidos polos afectados.”

A **Sra. Aguíñ Pombo**, xustificou a urxencia sinalando que tamén se trataba dunha moción consensuada cos afectados e coa vontade de que todos poidan recuperar integramente o diñeiro depositado.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, aludiu a que se trataba de buscar solucións políticas ante a desesperación das familias por recuperar ata o último euro.

A **Sra. Alcaldesa**, manifestou que apoia a moción, matizando que, se é o caso, poñerá o cargo a disposición, non agora, senón no momento oportuno para iso.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

“1º.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo pola súa responsabilidade política sobre a situación das caixas galegas, para que faga todas as xestións PERTINENTES ANTE O GOBERNO CENTRAL, E, INSTAR A QUE SE PERSONE ANTE A FISCALÍA PERSONÁNDOSE DO LADO DOS AFECTADOS.

2º.- Instar a Alcaldesa de Sanxenxo a COMPROMETERSE PUBLICAMENTE COS AFECTADOS PONDO O SEU CARGO Á DISPOSICIÓN DE A ÉSTES NON SE LLE DEVOLVEN OS SEUS AFORROS. E, tamén, presionar para acelerar a vía do arbitraje e así acadar a devolución do cen por cen dos cartos investidos polos afectados.”-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AO NOVO COLEXIO DE O REBEL (R. DE ENTRADA NÚM. 428, DO 28 DE XANEIRO DE 2013): O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“ D. David Otero Domínguez portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

EXPÓN:

O último día do ano 2.012 un medio de comunicación escrito publicaba unha entrevista de Catalina González, alcaldesa de Sanxenxo, na que facía o seu balance “particular” da xestión do goberno municipal no pasado ano. Do mesmo xeito facía unha previsións de cara ao 2013. Tras a pregunta “¿Cree que este ano habrá colegio en O Rebel?”, a resposta foi rotunda, “sin lugar a dudas”.

Poucos días despois coñeciase a partida orzamentaria que destinaba a Consellaría de Educación para a construción do novo colexio, 150.000 euros, é dicir, 250.000 euros menos que o comprometido no orzamento do ano pasado, e que como ocorreu con outras partidas anteriores non foron executadas.

O 17 de Xaneiro de este ano, a alcaldesa Catalina González, recoñece publicamente e manifestando a súa sorpresa un “erro” do que fai responsable aos técnicos municipais, confirmando que o concello non dispón de todas as parcelas necesarias para a construción do novo colexio, e fala abertamente da vía expropiatoria para facerse cos terreos.

A aparente sorpresa da señora González contrasta co feito de que a concelleira de urbanismo e a concelleira de deportes veñan mantendo reunións con algúns dos propietarios dende o mes de Xullo do pasado ano para chegar a un acordo de adquisición das parcelas. Resulta evidente que as negociacións levadas a cabo polas concelleiras mencionadas anteriormente non deron ningún resultado.

Chama a atención que nin a Concelleira de Educación Paz Lago, veciña de Vilalonga, nin a propia alcaldesa Catalina González, tomaran parte nestas negociacións o que evidencia o desinterese que amosan por este asunto.

Ao longo deste tempo, Paz Lago, nas escasas asistencias aos Consellos Escolares negaba calquera tipo de problema en referencia aos terreos, a pesar de ser preguntada en reiteradas ocasións. Este mesmo desmentido foi efectuado pola alcaldesa en presenza do Conselleiro.

En referencia ao Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, despois das visitas e os compromisos contraídos coa ANPA e o equipo directivo do centro, pódese comprobar que as súas palabras non se corresponden coas escasas partidas orzamentarias que ademais incumpre de forma reiterada.

A obsesión enfermiza dos gobernos de Rajoy e Feijoo por priorizar o obxectivo de redución de déficit público por riba de calquera outro tipo de interese cidadán, están a provocar a liquidación dos investimentos públicos en materias tan importantes e tan sensibles como é a Educación.

A problemática do colexio de Vilalonga é consecuencia de este tipo de políticas, o que explica o ridículo orzamento que se destina para este ano 2.013.

Esta situación agrávese pola actitude do goberno municipal, a súa incapacidade de xestión e a insolvencia económica do concello para adquirir as novas parcelas nun curto prazo.

Ambas as dúas administracións se complementan nun obxectivo común, que non é outro que demorar de forma intencionada a construción do novo colexio.

O malestar, a desconfianza e a incredulidade de nais, pais, dirección e profesorado están sobradamente xustificadas. Son os nenos e nenas de Vilalonga que están a sufrir as consecuencias de estratexias políticas no presente cando este compromiso foi adquirido por parte da actual alcaldesa de Sanxenxo no 2.006.

Sete anos son tempo máis que suficiente para realizar este proxecto, agora calquera escusa é inadmisíble dende todos os puntos de vista.

Dende o grupo Parlamentar do BNG por petición da agrupación local de Sanxenxo trasladouse unha emenda aos orzamentos da Xunta para o ano 2.013 por a cantidade de 1.000.000 de euros, encadrado nun proxecto plurianual que permita nun prazo máximo de tres anos que estea rematado o novo colexio.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS**:

-Instar á Alcaldesa-Presidenta a acadar un acordo escrito cos propietarios das parcelas privadas que forman parte do Plan Especial do Rebel nas condicións e prezos da taxación que figura no expediente e remitir á Consellería de Educación os terreos adquiridos para engadilos aos postos xa en disposición da Consellería. Todo isto no prazo que resta ata a aprobación definitiva do orzamento da Xunta de Galiza para o ano 2.013.

-Instar ao Goberno da Xunta a incrementar a partida orzamentaria correspondente á construción do novo colexio de O Rebel ata unha cantidade equivalente ou superior á emenda proposta polo grupo Parlamentar do BNG, e incorporala dentro de un proxecto plurianual que remate no 2.015.”

O **Sr. Otero Domínguez**, xustificou a urxencia polo feito de que, ao pasar tanto tempo dende o ano 2006 ao 2013, esta xa estaba superada, recordando que, no seu día, cando a **Alcaldesa** e o conselleiro correspondente dixeron que ía haber un colexio novo en **Vilalonga**, os veciños crérenos e agora resulta que nin se dispón dos terreos, co que a credibilidade da **Alcaldía** esta baixo mínimos, precisando que a xente que acode á sesión o fai por iniciativa propia e que a situación se agrava polo deplorable estado no que se encontra o colexio actual.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O **Sr. Otero Domínguez**, reiterouse no exposto na moción e na súa anterior intervención, precisando que debido a que na maioría das ocasións non se aproba a urxencia das mocións é polo que, nese momento, tamén fala do fondo do asunto.

A **Sra. Alcaldesa**, sinalou que ante o erro cometido están a facer todo o que poden e que non enganan a ninguén, recordando o atraso que se sufriu na tramitación do Plan Especial como consecuencia da decisión do goberno bipartito da **Xunta** de esixir un ISA, o que levou a que lle fose de aplicación o POL e a necesidade de facer seis reformas no Plan Especial.

A **Sra. Deza Martínez**, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que, no seu día, o goberno do **PP** adquiriu os terreos para o colexio facendo un desembolso importante, posteriormente a tramitación do Plan Especial sufriu un retraso ao esixir o goberno anterior da **Xunta** un ISA, que trouxo que lle fose de aplicación o POL, necesitándose mais superficie por motivos de edificabilidade. Continuou manifestando que houbo un erro ao incluír, como parcela municipal, fincas privadas nas que algún titular ten unhas pretensións económicas que o concello non pode asumir, instando aos propietarios a un acordo inmediato para a adquisición dos terreos en función da valoración que figura no Plan Especial, concluindo a súa intervención para dicir que seguirán loitando para conseguir as parcelas necesarias, tendo en conta a referida valoración.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que os nenos asisten a un colexio que se encontra en condicións deplorables como consecuencia dunha promesa incumprida e que é necesario ir para adiante para resolver esta situación, polo que votará a favor desta moción, botando de menos que a **Alcaldesa** non falase antes sobre este tema cos voceiros dos grupos políticos municipais.

O **Sr. Buezas Méndez**, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que lle enviou unha carta unha avoa de **Vilalonga**, dando lectura a mesma, na que se queixa da situación en que se encontra o colexio da citada parroquia, co conseguinte prexuízo para os nenos que van ao mesmo. Tamén aludiu a que parece que o goberno municipal nunca ten culpa de nada, a que

votaran a favor da moción e a que no turno correspondente realizará unha pregunta sobre este mesmo asunto.

O **Sr. Otero Domínguez**, recordou que o ISA non era mais que un trámite, parecéndolle ridículo facer un informe respecto de bens dos que aínda non se é propietario. Continuou dicindo que o **PP** leva utilizando este colexio como tema electoral dende o ano 2003 e que ese partido político se esforzou pouco para que non se aplicase o POL, que corresponde por completo ao goberno do **PP** na **Xunta**. Engadiu que a **Alcaldesa** lle gusta a confrontación e non a negociación, que a xente que asiste a esta sesión non está manipulada e non quere oír mais escusas ante a urxencia dunha situación con problemas de salubridade. Por último criticou a baixada da aportación nos presupostos da **Xunta** con respecto aos do ano pasado para este colexio, concretamente pasouse de 400.000,00 euros a 150.000,00 euros.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que dende o ano 2003, tanto o **PP** como o **PSOE** e o **BNG**, están enganando aos veciños e recordou que o ISA acabou provocando que os terreos adquiridos no seu día non sirvan e agora fai falta adquirir outros para os que un particular chegou a pedir unha cifra de 100 euros por m², cantidade que non se pode pagar, cando no seu día, nunha época moito mellor, se pagarón 28 euros por m² e agora se ofrece mais, concretamente 30 euros por m².

A **Sra. Deza Martínez**, reafirmouse en que se están a facer todos os esforzos necesarios para que o novo colexio sexa realidade, pero tendo en conta as valoracións que figuran no Plan Especial, engadindo que lamentaban o erro producido coas parcelas no referido documento urbanístico, pero que non se enganou a ninguén, precisando que, se o tivesen detectado antes, non terían votado a favor do Plan Especial.

A **Sra. Alcaldesa**, expresou que nun principio ían votar en contra da moción porque a **Alcaldesa** non pode negociar un prezo das parcelas distinto da valoración que figura no expediente, se ben están dispostos a negociar a aprobación da moción, sempre que se teña en conta a puntualización apuntada anteriormente. A continuación dixo que a vontade do goberno municipal era non só adquirir as 4 parcelas, cunha valoración de 108.000,00 euros, senón outras cinco mais, co que o expediente de expropiación incluíría nove fincas.

O **Sr. Otero Domínguez**, logo de destacar que aínda non está feita a urbanización de O Revel, precisou que a moción non ten esta redacción por casualidade, aludindo a que a cuestión temporal era moi importante, porque agora se estaba na fase final da tramitación parlamentaria dos presupostos da **Xunta** e era o momento de incrementar a partida correspondente a esta obra.

A **Sra. Alcaldesa**, puxo en dúbida a limitación temporal á aprobación definitiva dos presupostos da **Xunta** para 2013, posto que a consellería correspondente esixiría que os terreos estivesen escriturados e rexistrados, engadindo que estaban dispostos a incluír no presuposto municipal o importe das 4 parcelas necesarias e proceder a adquirilas aos propietarios que estivesen de acordo, continuando a expropiación cos que se opoñan, pero que non se podía negociar o que estaba taxado tecnicamente, proponendo un texto alternativo á moción que foi aceptado polo **Sr. Otero Domínguez**, que indicou que quedaba en mans da **Alcaldesa** que esta actuación se puxese en marcha este ano

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, solicitou que se dese lectura ao texto definitivo da moción que se ía someter a votación, sinalando que non se pode pagar mais dos 30 euros por m² que figuran na

taxación.

O **Sr. Secretario** deu lectura ao texto definitivo da parte dispositiva da moción, coas modificacións introducidas a petición da Alcaldía, sendo o seu texto o seguinte:

“-**Instar á Alcaldesa-Presidenta** a acadar un acordo escrito cos propietarios das parcelas privadas que forman parte do Plan Especial do Rebel nas condicións e prezos da taxación que figura no expediente e remitir á Consellería de Educación os terreos adquiridos para engadilos aos postos xa en disposición da Consellería. Todo isto no prazo que resta ata a aprobación definitiva do orzamento da Xunta de Galiza para o ano 2.013.

-**Instar ao Goberno da Xunta** a incrementar a partida orzamentaria correspondente á construción do novo colexio de O Rebel ata unha cantidade equivalente ou superior á emenda proposta polo grupo Parlamentar do BNG, e incorporala dentro de un proxecto plurianual que remate no 2.015.”

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción, co texto lido polo **Sr. Secretario** na súa intervención anterior, a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“-**Instar á Alcaldesa-Presidenta** a acadar un acordo escrito cos propietarios das parcelas privadas que forman parte do Plan Especial do Rebel nas condicións e prezos da taxación que figura no expediente e remitir á Consellería de Educación os terreos adquiridos para engadilos aos postos xa en disposición da Consellería. Todo isto no prazo que resta ata a aprobación definitiva do orzamento da Xunta de Galiza para o ano 2.013.

-**Instar ao Goberno da Xunta** a incrementar a partida orzamentaria correspondente á construción do novo colexio de O Rebel ata unha cantidade equivalente ou superior á emenda proposta polo grupo Parlamentar do BNG, e incorporala dentro de un proxecto plurianual que remate no 2.015.”-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AO S.U. 14 E A SOCIEDADE DE XESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE REESTRUTURACIÓN BANCARIA: O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“D. David Otero Domínguez portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

EXPÓN:

O goberno do estado, presidido por Mariano Rajoy, centra as prioridades en materia económica na recuperación do poder financeiro e a reestruturación bancaria pola vía de inxectar cartos públicos en entidades privadas para cubrir os saldos negativos que figuran nos balances de ditas entidades.

Outras circunstancias que lastran os balances dos bancos son os chamados “activos problemáticos”, derivados do negocio inmobiliario que fan que os bancos sexan propietarios de múltiples inmobles e terreos que constan como activos de eses bancos aínda que con valores inflados que non se corresponden cos prezos de mercados actuais.

Preguntado o Ministro de Economía, Luis de Guindos, o día 22 de Abril do 2.012 pola posibilidade de crear o chamado “Banco Malo”, a resposta foi que nin bo nin malo, que o estado non se responsabiliza de este problema que arrastran as entidades bancarias.

Como xa é característico no goberno de Rajoy, o que din que non van facer materializarse en pouco tempo, e así despois da negativa do Ministro de Guindos apróbase a lei 9/2.012 de 14 de Novembro complementado polo R.D. 1559/2.012 de 15 de Novembro onde ven de crear a sociedade de xestión de activos procedentes da reestruturación bancaria (SAREB), ou o que é o mesmo “o Banco Malo” dependente do FROB.

O obxecto desta sociedade é concentrar os activos problemáticos inmobiliarios nesta sociedade pública e trasladar o risco do privado ao público.

Dentro do Concello de Sanxenxo existe un listado de propiedades e terreos que estaban en mans de entidades bancarias e que pasan a ser absorbidos por esta sociedade (SAREB). Un exemplo disto é o S.U. nº 14 en Monte Faro na parroquia de Noalla.

Como antecedentes debemos recordar que este desenvolvemento urbanístico foi aprobado por parte do goberno municipal de Sanxenxo en Xullo do ano 2.009, tendo este solo urbanizable a característica (igual que o SU 13) da monetarización como exención da obriga da reserva do 20% da edificabilidade para vivendas de protección oficial.

Esta monetarización ascende a unha cantidade de 4.797.796 euros, cantidade que posteriormente a empresa promotora reclamou a súa devolución por vía xudicial. Proceso contencioso-administrativo que aínda está pendente de resolución.

Posteriormente, a empresa promotora vendeu esta propiedade á financeira inmobiliaria PROINOVA S.L.U., pertencente á antiga Caixa Nova, hoxe Nova Galicia Banco.

A cantidade pola que se vendeu foi de case 66 millóns de euros, e a nova propietaria, e dicir PROINOVA, continuou o proceso contencioso de reclamación contra o concello de Sanxenxo, e o compromiso entre a promotora orixinal e a entidade bancaria de repartirse ao 50% a posible indemnización dos case 4,8 millóns de euros que se lle reclama ao concello.

Este é un exemplo claro da estratexia compartida no negocio especulativo que se ten dado nos últimos anos entre as entidades bancarias e determinadas empresas inmobiliarias, con consecuencias nefastas tanto para as contas públicas como para os pequenos clientes e aforradores de entidades como é o caso de Nova Galicia Banco.

A día de hoxe, e segundo informacións publicadas, o SU 14 pasou a formar parte dos activos do SAREB (ou Banco Malo).

Tendo en conta o carácter maioritariamente público de esta sociedade de xestión é necesario poñer a salvo os intereses públicos dos veciños e veciñas do noso concello e evitar futuras consecuencias xudiciais como sucedeu co SU nº 13 (pendente da devolución da cantidade de máis de 3,8 millóns de euros).

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS**:

-Instar ao goberno municipal que solicite dos servizos xurídicos do Concello de Sanxenxo a verificación que a propiedade do SU 14 está incluída dentro dos activos transferidos ao SAREB.

-Comunicar dita información e a nova situación xurídica á sala do Xulgado Contencioso-Administrativo co obxecto de paralizar o proceso xudicial.

-Solicitar á esta sociedade pública (SAREB) ou á administración responsable da mesma a retirada inmediata da demanda xudicial para salvaguardar os intereses públicos, así como que quede sen efectos as cláusulas derivadas dos compromisos dos antigos propietarios.”

O Sr. Otero Domínguez, xustificou a urxencia pola realidade da existencia dunha reestruturación bancaria que deu lugar á creación da sociedade de xestión de activos procedentes de reestruturación

bancaria ou “banco malo”, á que transferiron os activos tóxicos e pode que un deles sexa o SU 14, sobre o que existe unha demanda xudicial fronte ao concello para a devolución dunha importante suma de diñeiro, sendo este o momento adecuado para solicitar da sociedade pública a retirada inmediata da demanda interposta contra o concello, tendo en conta, ademais, que a empresa promotora lle debe ao concello 300.000,00 euros en concepto de imposto de plusvalía.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, entendeu a moción como complexa tecnicamente, pero de interés para o concello, polo que a votarán a favor.

A **Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que, como en todos os casos nos que se vele polos veciños de Sanxenxo, votarán a favor da moción.

A **Sra. Alcaldesa**, sinalou que, aínda considerando que o citado solo estea incluído na referida sociedade, esta moción era inconsistente sen un estudio xurídico previo e nela ncluíanse expresións que non se podían aceptar dende o concello, como as referidas a exención da obriga da reserva de edificabilidade de vivendas de protección oficial.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción.**-----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 28 DE XANEIRO DE 2013 (R. DE ENTRADA NÚM. 431): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no art. 97 do Reglamente de Organización, Funcionamiento y Réximen Xurídico de las Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

ANTECEDENTES

Actualmente na plaza dos Barcos da villa de Sanxenxo os vehículos comerciais ocupan esta plaza para a súa labor de carga e descarga de mercadorías sin ningunha sinal de permiso nin regulación horaria. Esta plaza e utilizada por moitos nenos para xogar, advertíndonos algúns país que e peligroso a conciliación de ambalás dúas cousas podendo ocorrer algunha desgracia.

Visto o exposto solicitamos se busquen formulas para **regular** e armonizar o uso do público da plaza dos Barcos coa necesaria labor de caraga e descarga de mercadorías.”

A **Sra. Alcaldesa**, precisou que o horario era xusto cando os nenos estaban no colexio.

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 28 DE XANEIRO DE 2013 (R. DE ENTRADA NÚM. 434): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no art. 97 do Regulamento de Organización, Funcionamiento y Réximen Xurídico de las Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

ANTECEDENTES

A Altura da metade da rúa Panadeira na vila de Sanxenxo, atopase un edificio no que se atopa un baixo con aspecto de abandono, o gravoso e que a rexa da súa porta de entrada esta colgada hacia fora, e dicir, sobre a acera pública, con risco de que poida caer e causar danos os viandantes. “Se adxunta foto”.

ROGO

Rogamos insten o propietario deste local a que subsane esta situación.”

A **Sra. Alcaldesa**, tivo en conta este rogo pero especificou que este edificio tiña orde de demolición.

3º) A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, expuxo que unha vez aprobado o convenio con acuaNorte, na fase de exposición pública, se puideron ver os planos, solicitando á **Alcaldesa** que se dirixa a esta sociedade para que as canalizacións atravesen o menos posible as fincas particulares e para que discorran pola vía pública.

A **Sra. Alcaldesa**, explicou que á parte dunha alegación **do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, se presentou outra do concello para que o proxecto faga o menor dano posible aos veciños e seguirase actuando nese sentido.

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 28 DE XANEIRO DE 2013 (R. DE ENTRADA NÚM. 433): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no art. 97 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

As escolas deportivas municipais levan un atraso considerable con respecto o pago dos seus servicios adeudandolle a día de hoxe o curso 2010-2011 o curso 2011-2012 e o que leva transcorrido do 2012-2013.

Por parte da administración se leva pospoñendo a promesa do abono a ditas escolas uns cantos meses.

Para máis indignación de estas escolas, os pais dos usuarios de estas actividades no actual curso están abonando a cuota establecida mensualmente para cada actividade deportiva.

PREGUNTA

¿Cal é o motivo de este retraso e no seu caso cal e a fecha prevista para abonar o pendiente ás escolas deportivas municipais?”

A **Sra. González Domínguez , concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que na actualidade xa está incluído o seu aboamento dentro do Plan de Tesouraría, sendo necesario xustificar os gastos para cobrar. Tamén aludiu a que era certo que se falou de datas de pagamento que non se puideron cumprir como consecuencia de novidades legislativas que complicaron o modo habitual de pagamento. Por último dixo que, aínda que os pais pagan as cotas, non era certo que non lle custaban nada ao concello, posto que existían exencións e bonificacións, á parte do gasto da luz. O **Sr. Gonzalo Pita** preguntou pola xustificación xa que había convenios asinados e a **Sra. González Domínguez** precisou que ía haber unha reunión para explicar o procedemento de xustificación, á parte de que xa se falou cos clubs.

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 28 DE XANEIRO DE 2013 (R. DE ENTRADA NÚM. 432): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no art. 97 do Reglamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

A actuación de humanización da calzada do lugar de Coba de Pazos na parroquia de Noalla, foi rematada no ano 2009, dende entón este lugar ten instalado nun marxen da calzada a instalación de novas farolas dotadas cos mecanismos e cableado necesarios para ser conectadas a rede pública e polo outro marxen continúan conectadas as farolas antigas con varios postes no medio da calzada, estando a espera según vostedes dunha subvención para soterrar esta liña.

PREGUNTA

¿Dado que son instalacións totalmente independentes cal e o motivo polo cal non se conectan as novas farolas a rede pública?.”

A **Sra. Alcaldesa**, contestou que precisamente porque non eran independentes e non se quería quitar os farois vellos mentres os novos non estean en funcionamento, para evitar deixar a zona sen luz.

3º) O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, logo de lamentar que aínda falten os terreos para o **Colexio de Vilalonga**, cando xa dende o ano 2006 se vén falando da súa execución e de considerar que, vistos os presupostos da Consellería de Educación, se din que non hai cuartos para este colexio é porque non lles dá a gana de financiarlo, preguntou a **Sra. Alcaldesa** se ía dimitir do seu cargo se a obra de construción do colexio non está iniciada este ano, contestando a interpelada en sentido negativo.

4º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou sobre as medidas a adoptar no actual **Colexio Cruceiro en Vilalonga**, dado o seu deplorable estado, incluso dende o punto de vista de salubridade.

5º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista

Galego, preguntou se xa se realizaron as correspondentes valoracións técnicas das deficiencias do **Colexio Cruceiro en Vilalonga**.

A **Sra. Alcaldesa**, contestou as dúas anteriores preguntas sinalando que a unidade técnica da **Consellería de Educación** está evaluando constantemente a situación do colexio. A interviniente precisou que, dada a prevista construción dun novo colexio, non se ían facer grandes inversións e que dende o concello, sen competencias para obras de arranxo, se estaban a facer reparacións de carácter inmediato, sen ter que ir a **Xunta**, tal e como, no seu día, informou a ANPA. Por último dixo que existía un contrato para a desratización e nese sentido ditaríanse as instrucións oportunas á empresa contratada, na liña de facer o necesario para que as clases se poidan dar coa total tranquilidade dos pais.

6º) A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, aludiu a que se os fillos da **Alcaldesa** estivesen nun colexio onde os nenos conviven cos ratos, as súas decisións serían outras, polo que gabou a paciencia dos veciños, preguntando se se comunicou a **Consellería de Sanidade** e á **Delegación de Educación** a problemática do colexio para buscarlle unha solución.

A **Sra. Alcaldesa**, contestou que a **Delegación de Educación** e a súa oficina técnica están perfectamente enteradas da situación do colexio, recordando que é este organismo o que ten a responsabilidade sobre os danos estruturais do centro.

7º) O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, a vista de que un concelleiro que fixo unha obra ilegal formando parte, ao mesmo tempo, dun órgano como o Consello da Xerencia, se estaba a meter constantemente co labor doutros concelleiros, preguntou a **Sra. Alcaldesa** se non cría que debía de buscarse a forma de inhabilitalo, contestando a interpelada en sentido negativo porque pensaba que as inhabilitacións as daba o pobo nas eleccións, deixando cada un no seu sitio.

8º) A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que había concelleiros que se dedicaban a perseguir outros concelleiros o que tampouco era democrático, preguntando se se tería que inhabilitar a un edil no que no seu despacho se arranxaban expedientes que logo tiñan que ir a outros órganos municipais.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**